

Sen título de Celso Fernández Sanmartín

María Xesús Nogueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2012 [1996]). “*Sen título* de Celso Fernández Sanmartín”. *Dorna*: 22, 143-145. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1975>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (1996). “*Sen título* de Celso Fernández Sanmartín”. *Dorna*: 22, 143-145.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Sen título de Celso Fernández Sanmartín

María Xesús Nogueira

Sobre un cartón gris, un debuxo moi sinxelo, acaso un sol verdoso que se achega por detrás das montañas. As liñas aparecen indefensas, devolvéndonos a unha inxenuidade perdida. Unha portada tan simple garda, no seu interior, un curioso poemario que apareceu nas librerías en edición santiaguesa do autor a fins de 1995. Na contraportada reproducése unha folla de silveira.

A aparencia de nudez mantense coherentemente en todo o aparato paratextual, ata o punto de dificultar a identificación da obra. Sen título, nin outra indicación máis que o nome do autor, escrito con caracteres minúsculos, o poemario ábrese cuns versos manuscritos:

*somente soño
qe me veñas buscar á casa
cun globo na mau
e qe me digas: -toma
este globiño é para ti
qérote moito*

*(domingo
das
festas).*

O libro reúne un conxunto de poemas cun marcado carácter uni-

tario, trabado en boa medida por unha estrutura circular baseada en composicións de carácter amoroso dirixidas a un ti que xa está presente no primeiro dos textos. Esta temática convive cunha serie de historias que comparten o tratamento dalgúns motivos comúns, como son a soidade, a decadencia ou o paso do tempo. No final do poemario predominan claramente os textos de carácter amoroso, pechando o volume un texto no que, a partir dunha estampa do río como *locus amoenus*, están presentes tanto a temática amorosa como o paso do tempo:

*e sabemos dos ríos
pero non sabemos nada deste río*

*descansamos nel
metémonos na auga fría
e as sombras dun vanse coela
e queda a sombra dos fentos nos brizos
na auga
para gardalo sitio
para te acabar de sanar*

Mais, nas páxinas deste libro, lemos tamén unha reflexión da voz lírica acerca das propias posibilidades da linguaxe na comunicación, que se manifesta dunha maneira contundente nos versos:

*para que chegue a luz
sobre a miseria de tentar explicar
 cousas tan cheas.*

Velaí, quizais, o obxectivo final desta viaxe poética.

No conxunto de textos atopamos unha voz lírica cunha clara vontade de oralidade, conseguida en boa medida pola presenza do diálogo –e tamén do monólogo– así como a recorrencia a voces dialectais (*leviás, chau*), vulgarismos (*moniciós, jasús*), castelanismos (*membrillos*) e á fraseoloxía popular (*de moita chispa, nacer o conto*). Apréciase, tamén, nestes versos unha tendencia á narrativa, frecuentemente focalizada nunha anécdota simple, rescatada da súa insignificancia pola mirada do poeta:

*nisto que se foi a luz e na mesma salsa
de escabeche dos mexilós
reflexouse a lúa.*

A voz lírica procura a miúdo situacións cotiás, que teñen lugar nunha ambientación rural. É importante na obra o tratamento que se dá da temática rural, ó deixárense entrever os síntomas dun incipiente cambio, contemplado con nostalgia ou con asombro:

*chegou o paquete por correo urxente
e alí facía vinte anos que non vivía
[ninguén.*

Outras veces, sen embargo, o verso envólvese nun ton reflexivo, enmascarado a miúdo baixo os disfraces da inxenuidade:

*coma formigas cargadas de moreas de
cousas distintas
andan os días atrás de un.*

É, quizais esta, a porta aberta a un humor reflexivo e amargo, baseado fundamentalmente no paradoxo e na hipérbole, recurso este de grande importancia en toda a obra

*púxolle o seu corazón a un espantallo
e ese ano houbo*

*máis paxaros ca nunca; e seica lle
pediu ó seu compadre jasús que o soterra-
ran coa terra*

*que fora sacando de debaixo das uñas
toda a vida*

ou ben a unha serie de imaxes que se reiteran, coma a das formigas, os globos, as flores ou a nube. Por outra banda, obsérvase un emprego recorrente dun léxico relacionado coa gastronomía, especialmente con aquela máis frugal: *mexilós, sopa, doce de amendoa, froitas do tempo, amoras, claudias*, etc. En ocasións, este campo semántico forma parte dunha sutil simboloxía erótica que está presente en boa parte das páxinas do poemario.

Entre a anécdota, a reflexión e a tenrura a voz lírica vai despregando unha serie de mecanismos para gañar a complicidade do lector. En definitiva, o poemario preséntanos unha nova mirada sobre a realidade, precisamente, sobre a realidade máis cotiá. Nela, prodúcese unha mestura de reflexión

crítica e de tenrura, así coma un sincretismo do vello e o novo, o cotián e o marabilloso, contemplado, todo iso, desde a perplexidade e a inocencia.

Quizais este libriño pase, coma tantos, un tanto desapercibido fóra de determinados círculos, pre-

zo comprensible dun tipo de edicións á marxe dos grandes mercados. E quizais, á hora de facer historia da nosa literatura, haxa que botar man de moitos e moi diferentes materiais, pedras preciosas que locen ás veces lonxe dos vidros das xoierías.